Ramón Sobrino Buhígas (1888–1946): actualidade dun arqueólogo

Ángel Nuñez Sobrino

1. Os rexistros materiais (culturais e artísticos) das súas relacións

Ramón Sobrino Buhígas tiña no seu domilicio da Rúa do Vilar, 67, 1°, dereita, abundantes mostras da cultura galega, tanto na súa biblioteca como nas paredes e nos diversos cuartos. Velaí un busto en madeira, o "Pregón" de Narciso Pérez, con data MCMXXVlll; unha acuarela de Carlos Maside dun mariñeiro atando as redes , MCMXVl; un óleo de Pintos Fonseca "Nocturno": un aspecto dun" salón" do Lérez; un retrato de Manuel Quiroga, dedicado "A mis queridos amigos Ramón y Pura Sobrino"; unha acuarela de 1912 de Combarro e un debuxo de pintura á pluma de Sobrado; obras de seu irmán Carlos Sobrino; tres óleos e unha acuarela de Alfredo Souto; un retrato seu a lapis do seu curmán Enrique Campo; así como *As Cruces de Pedra na Bretaña,* dedicado por Castelao; publicacións de Lar; a revista Nós; libros de *Nós*; arquivos; exemplares da CIAP, de García de la Riega, Marcial Valladares, Casto Sampedro, etc.; moreas de separatas, dedicadas, de tema arqueolóxico e antropolóxico; ou, por exemplo, *Fontes Hispaniae Antiquae,* de Schulten y Bosch; *The dawn european civilization,* de Gordon Childe; *El arte rupestre en Colombia,* de Pérez de Barradas, e o *Catálogo de la Sección de Paleontología ibérica,* de Amador Romaní, ou significativos exemplares da *Society of Antiquaries of Scotland* (1867). É significativo comentar que moitos exemplares da súa biblioteca, coma un do padre Baltasar Merino, están dedicados, o cal lévanos ao terreo certo do intercambio de saberes, do trato social, incesante, do estar "*inter pares*", e dentro desa próspera produción que sempre puxeron en andamento as mentes inquietas e laboriosas desa Galicia de até mediados do século XX, e de xeito especial en Santiago de Compostela, onde traballaba de catedrático do Instituto "Arzobispo Gelmírez", de Profesor Adxunto Numerario da Universidade, na Facultade de Ciencias, e de odontólogo no seu propio domicilio. Pertencía igualmente ao que denomino o grupo de Cambados. Quero afirmar con isto que tiña fonda amizade con Ramón Cabanillas, quen lle dedica *A noite estrelecida*: "A Ramón Sobrino, seu devoto e ademirador"; e igualmente con Asorey. O noso arqueólogo foi o que posou, realmente, ante o escultor de Cambados no busto de "Cadarso", na Facultade de Medicina: a fonte provén dun artigo do profesor Jorge Barreiro na revista *Galegos*, e da memoria, enorme, da miña nai, que se lembraba perfectamente deste asunto. O gran parecido entre ambos foi determinante. Ramón Sobrino colaborou no volume colectivo da Universidade: *Homenaje al Prof. Rodríguez Cadarso*, con "Anomalías neuroesqueléticas del hombre", como compoñente do Claustro, e, ambos eran compañeiros no Seminario de Estudos Galegos.

En Compostela o noso arqueólogo tiña os seguintes cargos: Vogal propietario da Xunta de Patronato da Universidade de Santiago, e Delegado en Santiago da Xunta de Ampliacións Arqueolóxicas e Prehistóricas. Tamén tivo trato co citado Narciso Pérez, a quen lle comprou ou el regaloulle o mencionado busto. Igualmente, cónstame que tiña relación cos donos do pazo de Fefiñáns, desde a perspectiva da inquedanza, da similitude cultural e da mutua empatía e aprecio. Así mesmo tivo fonda amizade co avogado e político Isidoro Millán Mariño, quen, ao estar casado con Encarnación González–Pardo Fraga, de familia de Cambados, gozaba de tardes estivais alí, no pazo de Torrado. Porén, ambos profesionais xa se coñecían, ao seren xa seus pais compoñentes da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (1894–1937/39).

Outro lugar con identidade era o pazo de Teáns, en Salvaterra de Miño, onde vivía longas tempadas Alejandro Mon Landa, o seu dono, e cuxa irmá Josefa era a muller de Casto Sampedro y Folgar. Aínda se conservan fotografías de gozo e camaradaxe entre amigos de Pontevedra e Salvaterra e arredores, chegados alí para degustaren e celebraren a pesca de salmóns e lampreas. A sociabilidade desde a cultura e intereses parecidos era esencial en Ramón Sobrino Buhígas, en quen a alternancia do estudo e da investigación corría paralela coa vida social, até o feito de ostentar un cargo dunha sociedade, como foi o de presidente do Casino de Santiago.

Cando residía en Madrid estudando a carreira de Ciencias Naturais, entre 1905 e 1911 viviu na "calle Hortaleza, 42, 4º", até 1911, despois en "Jácome Trezzo", e en "Olid", moi próximas. Existen fotografías elocuentes de que alí se celebraban asiduas reunións con mozos galegos que chegaban á capital madrileña, e de Pontevedra en especial; entre eles Santiago Hevia e Adolfo Temes, pero tamén Castelao ou Corredoira, quen retrataron alí mesmo a Enrique Campo Sobrino, (1890–1911), o gran debuxante dos petróglifos. Tamén coñecían a vida social e cultural de Madrid ao frecuentar a casa da familia do escultor José Alcoverro y Amorós (1835–1908), e en concreto pola súa amizade, xa en Pontevedra, con Federico Alcoverro López (1879–1916), catedrático de Debuxo daquel Instituto, e colaborador e membro da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Así como a familia de Ramón Sobrino tiña un excelente trato con Alcoverro, e acolleuno en sociabilidade no inicio da súa estadía en Pontevedra; así despois Ramón Sobrino, seu irmán e os seus curmáns dispuxeron e gozaron da sociabilidade e da hospitalidade dos Alcoverro en Madrid, e tómese nota referente a que Fernando Campo Sobrino (1886–1956) era escultor, formado en Roma, e tivo o pai de Federico Alcoverro como o seu primeiro mestre en Madrid. Igualmente, na cidade madrileña vivía por aqueles anos a súa tía Carolina Sobrino Rivas, señora de Alonso, e cuxa filla Sofía era catedrática alí. Polo seu parentesco co comediógrafo Manuel Linares Rivas, asistían gratis a todas as estreas teatrais do seu ilustre parente; e sen dúbida ningunha el e os seus curmáns aplaudirían a rabiar.

2. Proceso e recensións do Corpus *Petroglyphorum Gallaeciae*

Xa me teño referido á orixe e ás causas polas que Ramón Sobrino Buhígas lle dedicou case vinte anos da súa vida á investigacíón dos petróglifos, e que cul-

minaría no seu célebre libro. Remítolles ao meu estudo preliminar do *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*, 2ª edición, O Castro: 2000, e tamén á miña monografía aparecida no *Anuario Brigantino*, 40, 2017. Agora heime referir, desde datos novos, a esta xénese desde o mundo apaixonante das pranchas e das probas de imprenta, das correccións e das sorpresas. A fonte directa é a *Cartolatría*, de Xosé Filgueira Valverde e de Francisco Javier Sánchez Cantón, editada recentemente en tres volumes. No colofón pódese ler, en tradución impecable de Xosé Souto Blanco: " Este Corpus/ está incluído entre as edicións do Seminario de E. G./ que subvenciona Galicia con cartos públicos/ e das que se encarga co coidado máis grande F. X. Sánchez Cantón/ por encargo do Seminario. / Fixo a tradución ó latín/ o frade Xosé S. Crespo Pozo, mercedario,/ no mosteiro de San Xoán de Poio./ Fixo a montaxe en Madrid o tipógrafo C. Bermejo/ con pranchas da Casa Hauser y Menet./ Rematouse felizmente/ o día 26 de Xuño do ano 1935". É moi clarificador irmos coñecendo este proceso coas cartas que ambos personaxes se cruzaron. Velaquí:

Carta 128 de F.V. a S.C.

"Uno de estos días le enviaré los títulos del "Corpus". La ida de Sobrino, también con motivo de oposiciones, le facilitará algo el trabajo".

Carta 129. 7–XI–34. De Filgueira a Sanchez Cantón

"A Vde. lle enviaremos un destes días os tíduos de Sobrino, pois os frades de Poio levan o choio moi de vagar, tardan, mais fácenlo ben. Sobrino chegará un destes días a Madrid e supoño que o verá a Vde. de seguida".

Carta 130, S.C. a F.V. 11–XI–34

"Sobrino estivo dous días, leva probas das fototipias; atopounas boas: inda poden mellorar. Sería ben que os frades tomaran o traballo con menos pachola. Que pensen que Cicerón, Lorenzo Valla e Raimundo de Miguel morreron xa. Coido que nin para Pascua frorida temos o *Corpus*, e non digo que nin pra o Corpus, por mor de que o tempo non é de "chistes".

Carta 135. I–V– 1935. F.V. a S. C.

"Envíolle as probas correxidas e mais os títulos e portadas. En canto as probas, o P. Unamuno sustituirá as i por j, e os frades de Poio insisten en que debe ponerse i en todo-os casos. Xa vai feita a ultracorreción. En canto ós prólogos, a orde coido debe ser: Cuevillas, Don Casto, Sobrino, pois o derradeiro é pra o caso o traballo do autor. Envíolle as cuartetas cos tíduos todos, tal como os deron os frades. Eu simplificaría algo da portada, omitindo o referente aos prólogos, no exterior, pero deixando en troques no interior. As cuartelas en tinta roxa son as dos frades. En tinta negra vai a portada tal como eu a vexo. O debuxo penso que debe ser o dos dous cervos, opostos pol-as patas, que aparecen nunha das insculturas e que eu non lembro de memoria. Vde. distribuirá os distintos cores das letras na portada

exterior e exeitará o demais. Na cuartela 1 vai a portada que pode servir pra o interior. Na 2 os tíduos dos prólogos e índices, que penso deben levar follas enteiras rotulándoos e que Vde. encaixará en cada caso. Na 3, o colofón, que Vde. modificará ao seu gusto. Nel púxose o do frade, pois penso que pode resultar algo especial que a xente pense que R. Sobrino terá que incluirse de agora en adiante nos estudos sobre "Vergilio en España"; pero Vde. pode modificalo, incruso no senso de citar aos frades do mosteiro e non ao frade determiñado que o fixo. En canto a cita de Vde. creo que é imprescindible. (---). ¡Bó tería saído o Corpus si Vde. non fai o supervisalo!. No reverso, pode poñerse o selo do Seminario, que tamén está nesas follas, e que pode facerse ahí en fotograbado de liña, cando se faga e os cervos. E penso que do Corpus non resta mais que decir."

Na correspondencia particular do noso arqueólogo existe unha coincidencia entre estas cartas publicadas e as conservadas por el, o que demostra que estaba ao corrente dos preparativos da edición do "corpus", e que daba o seu consentimento sobre todo o que se organizaba en Madrid. Ademáis, hai que imaxinar que as conferencias telefónicas con Madrid serían permanentes"

Porén, que sucedeu entre o 26 de xuño de 1935 e o 18 de xullo de 1936 co *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*? Alfonso Mato dá cumprida noticia na "Presentación" da segunda edición do libro. Remito tamén ao seu coñecido libro sobro o Seminario de Estudos Galegos, onde ofrece novas magníficas ao respecto. Así mesmo, encontraranse novas de interese nos *Libros de Actas* do Seminario, que por fortuna aínda se conservan no Instituto" Padre Sarmiento" e na Fundación "Filgueira Valverde" (Correspondencia) no Museo de Pontevedra. O Corpus tiña que ter publicidade e expansión, ao lado dos avatares que un libro importante do Seminario podía ter por si mesmo. E vou directamente á súa distribución. Debémoslle ao arqueólogo Jorge Fernández Guerra, do Colectivo "Codeseda Viva", noticias precisas na prensa da época. Velaquí :

El Correo Gallego, Jueves, 2 de Enero,1936.

"Seminario de Estudos Galegos".

Entresacamos os tres parágrafos máis significativos:

Desde los días de su fundación fué propósito del "Seminario de Estudos Galegos" iniciar la catalogación de monumentos y de objetos prehistóricos existentes en Galicia". "Pero esta labor de colección y ordenamiento no podría considerarse completa de olvidarse uno de los más importantes elementos de caracterización de nuestras culturas prerromanas, ampliamente representado en Galicia, producido sin duda en épocas diversas de su prehistoria y relacionado en ocasiones con fenómenos análogos de otros países de Europa. Nos referimos a las insculturas o petroglifos. Exteriorización artística y religiosa de mentalidades primitivas que aquí, como otras partes, plantea una larga serie de problemas, que sólo un estudio sistemático puede ambicionar su solución".

Finalmente, a presentación–contido máis exacta do emblemático libro:

"De antiguo estos grabados llamaron la atención de los eruditos y su cita hállase en obras y escritos de Pascasio de Seguin y el Padre Sarmiento. Los historiadores gallegos del pasado siglo, y entre ellos principalmente Barros Sibelo y Murguía, recogieron y publicaron algunos ejemplares. Pero fué a principios de nuestra centuria que el entusiasmo del arqueólogo D. Casto Sampedro, admirablemente secundado por el dibujante Enrique Campo Sobrino, hizo el comienzo de una labor casi heroica a la que se da cima por los trabajos realizados en difíciles circunstancias por el Prof. Ramón Sobrino, del Instituto de Santiago."

A expresión "difíciles circunstancias" pode entenderse de varias maneiras: a primeira era a dificultade física naquelas primeiras décadas de achegarse con eficacia aos xacementos dos petróglifos; en segundo lugar, encontrar tempo efectivo nas súas múltiples ocupacións; e en terceiro lugar, atopar persoas idóneas para o labor de rozar e de limpeza daquelas excelsas rochas, cheas de maleza e musgo.

3. 1935. Un ano fecundo en Compostela

Consérvase unha fotografía dese verán de Ramón Sobrino Buhígas no Kiosko Alfonso de A Coruña co rostro satisfeito. Non lle faltaban motivos: o seu libro dos petróglifos xa estaba na rúa. Supoñía a coroación dunha prosecución incesante, durante 17 anos, derredor desta rama da investigación prehistórica. Pero é que tamén durante este ano en Santiago de Compostela producíronse varios acontecementos culturais importantes. Velaí, a aparición dos *Seis Poemas Galegos*, de Federico García Lorca, baixo o selo da Imprenta "Nós"; o descubrimento en marzo do importante petróglifo de Conxo polo seu fillo Ramón Sobrino Lorenzo–Ruza e do que despois publicaría seu pai un artigo na prensa compostelá; a novela *Devalar,* de Ramón Otero Pedrayo, que é a obra literaria que recolle o espírito do Seminario; a exposición do pintor Villafínez, avalada por certo coa presenza de Valle–Inclán (consérvase a este respecto unha fotografía); os paseos de Valle–Inclán con García–Sabell pola Ferradura (existe testemuño fotográfico) e as súas tertulias no Derby con outros intelectuais composteláns (igualmente existen fotos); a visita dos membros do Seminario de Estudos Galegos a Porto, na coñecida "Semana Galega"; a actividade incesante do editor Ánxel Casal na súa imprenta da Rúa do Vilar, na que se imprime *Matria,* de Álvaro das Casas, e *Los dominicos en Galicia,* de A. Pardo Villar, aínda que se suspendeu a impresión deste último libro pola morte do editor, quedando incompleto. Rectifico, en realidade foi polo vil asasinato do editor o 19 de agosto de 1936, e cuxo corpo foi atopado nunha gabia preto de Cacheiras (Teo), onde hoxe en día un monumento sinala o triste e repulsivo suceso.

4. Influencias recibidas e emitidas

Toda persoa con personalidade influente e creativa traspasa unha emisión especial, unha enerxía psíquica especial, engade un halo de sabedoría, achega ademais con frecuencia unha singular emanación que a torna insubstituíble e máxica.

En certa maneira é un "exceso" cualitativo especial en forma positiva. É un don que acompaña os artistas, os pensadores, os homes de ciencia e os investigadores, e só algúns docentes cando dan e emiten algo máis que a materia que teñen que impartir. Este é o caso de Ramón Sobrino Buhígas. E este tamén é o caso da relación entre o noso arqueólogo e Bibiano Fernández Osorio–Tafall (1902–1990). Esta relación é a historia dunha influencia activa, por parte de quen xa recibira a influencia de D. Ernesto Caballero y Bellido (Salamanca, 1856–Pontevedra, 1935), catedrático de Física e Química e Director deica 1921. Pois en Sobrino Buhígas existía unha tendencia a dirixir o ensino cara á mellor recepción entre o alumnado. Para reflectir esta cuestión baseámonos no imprescindible libro de Xosé Francisco Pardo Teijeiro (Concello de Pontevedra: 2010). Extractamos:

"O catedrático de Historia Natural e investigador Ramón Sobrino Buhígas impulsara, dende 1914, os estudos de bioloxía e a ampliación do Museo de Historia Natural do centro. Foi profesor de Osorio–Tafall e director do Instituto dende o 28 de marzo de 1921 até o 30 de xunio de 1931, e despois de ser substituído, en 1931, polo propio Osorio–Tafall, trasladouse a Madrid para completar os estudos de Odontología e dedicarse temporalmente á docencia na Facultade de Ciencias".

Este dato é inexacto: cando marchou a Santiago de Compostela coa súa familia no curso 1932–1933 fíxose odontólogo, e exercía tamén na cidade compostelá de Profesor Adxunto Numerario na Facultade de Ciencias, alén da súa cátedra do Instituto. Daquela aparece un interese directo e moi especial por parte de Osorio–Tafall sobre a súa carreira profesional e política. Desde o plano psicolóxico pódese intuír nel certa ambición, ingratitude e traizón cara ao seu primeiro mestre, e non habería que desbotar en absoluto un pedazo de envexa; mais durou pouco nos cargos de director e de alcalde de Pontevedra, pois foi cesado en 1934. Antes, o 23 de febreiro de 1931 Osorio–Tafall solicitou unha bolsa na Xunta para a Ampliación de Estudos. A solicitude ía acompañada dunha listaxe de expertos que o apoiaban: Ignacio Bolívar, Cándido Bolívar, José Casares Gil, Antonio García Varela, director do Xardín Botánico, Luís Bermejo, catedrático da Universidade Central, Cruz Gallástegui e... Ramón Sobrino Buhígas. Engade o libro citado:

"Da listaxe de expertos dedúcese que en Galicia contaba co apoio de Gallástegui e de Sobrino Buhígas, catedrático de Ciencias Naturais e Director do Instituto de Pontevedra, co que formaba parte do equipo directivo como vicesecretario e bibliotecario. Pero coa chegada da república asumiu novas responsabilidades e cambiaron os seus obxetivos; os vínculos co galeguista Cruz Gallástegui veríanse reforzados, pero a súa relación con Sobrino resentiuse cando aos poucos o substituíu na dirección do centro tras cuestionar a súa xestión, aínda que sempre se referiría a el cun gran respecto".

Referente ás actividades do Seminario de Estudos Galegos en Pontevedra, e seguindo esta obra, interésanos salientar os seguintes aspectos:

"Na súa organización existían dúas figuras: socios activos e socios protectores, entre eles Osorio–Tafall, Sobrino, Gallástegui, Castelao, Filgueira e outros desta-

cados pontevedreses que, no curso 1926–1927, elexiron a Ramón Sobrino Buhígas, entón director do Instituto de Pontevedra, como representante dos socios protectores de Pontevedra".

R. Sobrino Buhígas foi proposto como socio activo o 23–10–1923, e ingresou o 23–4–1927, co traballo "Contribución al estudio de las insculturas rupestres gallegas". E que constituía sen dúbida un adianto do seu sólido, futuro e novidoso texto seu do CPG. Con respecto á inesquecible Semana Galega en Porto (31 de marzo–6 de abril de 1935), Sobrino Buhígas proferiu unha conferencia dentro do campo das ciencias experimentais xunto con outros científicos e profesores da Universidade de Santiago de Compostela, tales como Aniceto Charro Arias, Fernando Alsina Rodríguez, Ramón Rodríguez Somoza, Isidro Parga Pondal, Luís Iglesias Iglesias y Osorio–Tafall. Temos fidedigna noticia que todos os compoñentes do Seminario foron moi agasallados por parte dos portugueses. Sería en adiante unha constante referencia con gabanzas múltiples.

5. Acerca de "la purga de mar o hematotalasia": aclaracións sobre un traballo mítico

Seguimos aquí, tamén, o documentado libro de Xosé Francisco Pardo Teijeiro, quen neste apartado nos complementa sobre o coñecido e o investigado por nós e publicado xa nas dúas anteriores monografías. Así:

"Ramón Sobrino Buhígas foi en 1908 bolseiro na Estación de Bioloxía Marina de Santander, a proposta do Museo de Ciencias Naturales, centro no que recibiu cursos de Zooloxía Mariña por parte de Odón de Buén, José Rioja, Arturo Caballero Segarés e Casterllana ou, até a súa licenciatura en 1910. Estudiou Bioloxía Mariña con Rioja na "Estación de Biología Marina" de Santander, e Zooloxía Mariña, preparación sistemática de diatomeas, e microscopia no Museo de Ciencias Naturales de Madrid e, sendo profesor do Instituto de Pontevedra, publicou en 1918 "La purga de mar o hematotalasia", no *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural*".

Unha entidade á que tamén pertencía. Nesta coñecida publicación identificaba a especie causante da purga nas costas galegas e que suscitou certa polémica co oceanógrafo Fernando de Buen Lozano, que defendía outras teses, máis superficiais, do seu pai Odón de Buen y del Cos, director do Instituto Español de Oceanografía. Se as colecciónes de diatomeas de Caballero tiñan un gran valor científico, cando menos no aspecto técnico, non menos interesantes foron os traballos de Sobrino Buhígas sobre o plancto marino, cos que, como se explicou, descubriu que o responsable da chamada purga do mar ou "Hematotalasia", fenómeno polo que as augas das rías galegas adquirían unha coloración vermella, non era un radiolario en cantidades enormes, nin tampouco a "Noctiluca miliaris", como defendía Odón de Buen, senón o dinoflaxelado "Gonyaulax Polyedra", acompañado en pequena proporción por outras especies. E continúa o Dr. Pardo Teijeiro:

"O seu traballo foi moi controvertido por defender unha tese diferente á da

oceanografía institucional e tivo que facer fronte ás críticas da familia De Buen, que puña en dúbida a validez da súa investigación e subliñaba a súa pobreza bibliográfica e o pouco material de que dispuxo. Sobrino, que contaba cos limitados medios do Instituto de Segunda Enseñanza de Pontevedra, respondeu que traballara con recursos propios e cunha metodoloxía baseada no traballo persoal, na observación detallada, na experimentación e nunha rigurosa análise comparativa. Demostraba desta maneira que era posíbel facer investigación científica dun certo nivel sen dispor de grandes medios técnicos, e foi deste xeito individualista, como empezou tamén Osorio–Tafall as súas investigacións sobre o fotoplancto, se ben era consciente, como veremos máis adiante, de que os seus éxitos dependían da súa integración en sociedades convenientemente dotadas".

E conclúe, moi atinado, xusto e actual o Dr. Pardo Teijeiro:

"Pero o interesante neste traballo non só está no descubrimento da especie que orixina a "Hematotalasia", senón que ademais amosa un enfoque ecolóxico en canto á apreciación das interrelacións entre seres vivos, establecendo a relación entre plancto e necto, asociando o crecemento estacional do plancto co incremento poboacional da sardiña".

Os meus comentarios sobre estas doutas e esclarecedoras liñas están fundamentados en experiencias persoais. Así, miña avoa falaba, orgullosa, na casa, con certa frecuencia do descubrimento que publicara o seu home. Daquela eu tomaba nota. Hai uns anos visitei, convidado, o Instituto Oceanográfico de Vigo. Fun recibido alí con suma amabilidade, e cando souberon que o autor da "Hematotalasia" era o meu avó entroulles entusiasmo e de inmediato se interesaron pola publicación e se conservaba exemplares na biblioteca persoal. En concreto pediumo Alberto González–Garcés, envieillo dedicado, e aínda estou a esperar as grazas. A devandita monografía foi citada con encomio por Gurriarán no seu coñecido libro. E un académico, Díaz–Fierros Viqueira, envioume varias versións fotográficas do óleo de Carlos Sobrino que ilustra, en cor, esta mítica monografía, e así mesmo publicou un libro sobre a unión entre a arte e a ciencia en Galicia e cita a Sobrino. Así pois, como elemento da historiografía científica galega segue a ser unha referencia. É, xa, un clásico.

6. Membro de "Acción Gallega" (rastros e rostros)

Aínda teño poucos datos. Agora mesmo atópome no inicio deste descubrimento, e con certeza unha investigación futura achegará novos testemuños, e, incluso, máis seguridades. Porén, hai indicios suficientes para afirmar que Ramón Sobrino Buhígas pertencía a "Acción Gallega", ou era moi achegado simpatizante e participativo nas actividades desta agrupación política que lideraba Basilio Álvarez, "O abade de Leiro", como polo xeral se coñece. Queda no imaxinario popular a gran caricatura que del realizou Castelao (aparece en varios catálogos). Constitúe unha referencia para a historia do galeguismo político o libro de Basilio Álvarez, *Abriendo el surco. Manual de lucha campesina.* Ourense, 1913. Tamén existe unha segunda edición a cargo de J. A. Durán, en Akal,1976. De feito, nun artigo

de J. A. Durán publicado en *La Voz de Galicia* (1–6–1975), e que eu conservo no meu arquivo, resume con amenidade o que viña sendo "Acción Gallega". Afirma:

"En el siempre amable otoño madrileño –se iniciaba el año académico 1909/1910– el foco juvenil "conspira" en una cafetería de moda. Hay tres encumbrados entre los asistentes: don Alfredo Vicenti, que dirige *El Liberal*; Manuel Portela Valladares, diputado por Fonsagrada; y Basilio Álvarez. Los demás son los mozos. Canitrot, Antón del Olmet, Rafael Carvajal, Alfonso Alcalá, Cánovas Cervantes... Allí, la idea de Basilio toma cuerpo. Nace Acción Gallega. Desde enero de 1910, cada quincena, el movimiento cuenta con una espléndida revista que le sirve de portavoz. Poco después, todos a una, se lanzan sobre las aldeas de Ribadeo, Becerreá, Fonsagrada, Mondoñedo y Viana, en la primera salida, quijotesca, idealista, fracasada, la primera campaña campesinista de la Galicia de Madrid. Qué significaba, verdaderamente, aquel movimiento? Qué tenía de novedoso? "Acción Gallega", al echarse al campo, aspiraba a dar unidad a las luchas variadas y no siempre bien avenidas de los diversos focos agraristas de Galicia. Aspiraba, ni más ni menos, que a constituir una Liga o partido político exclusivamente gallego que, por primera vez en la historia del país, tuviera fuerza de masas, nacida de la incorporación de los campesios organizados en las bregas societarias, solidarias y antiforistas. La Liga (o el tal partido) se encargaría de crear la política del país, como los catalanes creaban la suya".

Velaquí en ilustrativo resumo en que consistía "Acción Gallega" e as constantes que a compoñían. Pero é que "Acción Gallega " incluso chegou a ter un himno. Debémosllo a Ramón Cabanillas no seu libro *Vento mareiro* (1921), con portada de Castelao e debuxos de Álvaro Cebreiro (exemplar na nosa biblioteca). Di así:

"Acción Gallega"

¡Irmáns! ¡Irmáns galegos!/ ¡Dende Ortegal ó Miño/ a folla do fouciño/ fagamos rebrilar¡// Que vexa a Vila podre,/ coveira da canalla,/ a Aldea que traballa/ disposta pra loitar.// Antes de ser escravos,/ ¡irmáns, irmáns galegos! /que corra a sangre a regos/ dend-a montana ó mar.// ¡Ergámonos sin medo!/ Que o fume da toxeira/ envolva na fogueira/ o pazo siñorial!// Xa o fato de caciques,/ ladróns e herexes, fuxe/ ó redentor empuxe/ da alma rexional.// Antes de ser escravos,/ ¡irmáns, irmáns gallegos!/ que corra a sangre a regos /dende a montana ó val.//

En certo modo é tremendo este himno. Pois por aí, tamén en pertenza ou simpatía, respecto a "Acción Gallega" temos que ver a relación, e conectala na súa clave, entre Ramón Sobrino Buhígas e Ramón Cabanillas Enríquez. E hai que ter en conta tamén as cordiais e estreitas relacións de Sobrino cos donos do Balneario de Mondariz –os Peinador Lines e Peinador Vela–, amigos tamén de Cabanillas, quen imprimiu alí *A noite estrelecida*, e tamén a amizade que tiña o pintor Carlos Sobrino, irmán do noso arqueólogo, con Cabanillas (existen fotos xuntos ao respecto). Poden verse, naturalmente, páxinas luminosas e aclaratorias sobre Basilio Álvarez no libro de Justo Beramendi, *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (Xerais, 2007), como tamén en certos capítulos da *Historia de Galicia*,

de J. R. Barreiro Fernández, ou no libro de Carlos F. Velasco Souto, *O agrarismo galego* (Laiovento, 2002)".

Pero o documento máis contundente obra no meu poder, e é unha fotografía en grupo, grande, tamaño folio, de Ramón Sobrino subido a un cruceiro e sinalando algo; debaixo del, sentado, está Basilio Álvarez, e á esquerda da imaxe pode verse o avogado e orador Isidoro Millán Mariño, gran amigo do noso arqueólogo. Sen ningunha dúbida trátase dunha foto colectiva de membros de "Acción Gallega", o que fai dela un documento de primeira categoría. Ao pé sinala: "Padrenda, 1928." Enmarcada pola miña avoa, a fotografía estivo toda a vida exposta na miña casa.

Tamén existen outros datos, e que proveñen directamente da prensa da época. Débolle esta información directa ao arqueólogo Jorge Fernández Guerra, do Colectivo Cultural "Codeseda Viva", admirador do noso arqueólogo, e quen amablemente me pasou uns datos que xulgo reveladores e complementarios aos xa expostos. Velaquí.

Do periódico *El Emigrado*. A Estrada. 31 de decembro de 1930.

"Homenaje a D. Mariano Carbón Barros, párroco, con motivo de su marcha de San Jorge de Codeseda se celebró allí un banquete".

Salientamos: "A requerimiento de la concurrencia pronunció breves frases el distinguido Catedrático y Director del Instituto de Pontevedra D. Ramón Sobrino, que accidentalmente hallábase en Codeseda, y asistió a la refección. Dijo que no obstante hallarse entre nosotros desde hace breves horas, pudo apreciar sus efectivas dotes, y el aprecio con que cuenta entre los habitantes de su parroquia de otrora, como lo comprueba la heterogénea concurrencia que lo festeja. Felicítale muy efusivamente."

Porén, que facía o noso arqueólogo en Codeseda? A día de hoxe aínda o ignoramos; mais puidera ser que viñera de ou fose cara á non moi afastada parroquia de Santa María de Cequeril (Cuntis), onde pasaban longas tempadas os seus sogros, e que os visitase nesas datas con motivo de ser fin de ano. Con ocasión de posuír a familia da súa dona a chamada "Casa Grande da Eira", puido visitar, estudar, debuxar, fotografar, repetir visita de todos os petróglifos da denominada cunca do Lérez: Campo Lameiro, Cotobade, Viascón, Xeve, etc, así como tamén os de Cequeril, co célebre da "Laxe dos Homes". (Falaremos deseguida deste feito).

Proseguimos. De *El Emigrado*, A Estrada, 7 de maio de 1931. Salientamos:

"El domingo día 10 a las cinco de la tarde se celebrará en el campo de la feria de Codeseda un acto de propagando republicano–reformista, en el que tomarán parte oradores de Pontevedra y Vigo, entre ellos D. Isidoro Millán, D. Juan Amoedo y D. Ramón Sobrino, haciendo la presentación el médico de Codeseda D. José Pena Eirín".

Finalmente, unha noticia do xornal *Progreso*, de Pontevedra. Di:

"En Codeseda. 13 de mayo de 1931. Mitin republicano–reformista en Codeseda. Hablaron los señores Pena, Sobrino, Segura de la Garmilla, Amoedo, Millán. Primeramente hizo uso de la palabra el joven y prestigioso médico de Codeseda D José Pena Eirín, quien con fácil palabra explicó al público la labor política desarrollada por el partido que acaudilla D. Melquíades Álvarez. Seguidamente hizo uso de la palabra el director del Instituto de Pontevedra D. Ramón Sobrino. Estudió el problema de la enseñanza y de la necesidad de entender con premura esta cuestión, que es evidentísima para la patria. Al efecto, explicó las soluciones dadas por el partido reformista. El señor Sobrino se refirió luego al estado de la enseñanza en varios puntos del extranjero y medidas que al efecto tomaron los respectivos gobiernos. También se refirió a la importancia de la Misión Biológica de Pontevedra, y de la necesidad de sostener y amparar tal entidad. Su discurso elocuente y documentado fué muy aplaudido en distintos momentos. Asistió al acto gran número de personas de la comarca, así como de los ayuntamientos limítrofes, reinando gran entusiasmo."

Estes datos revelan que Ramón Sobrino Buhígas tamén era un activista político, e que estaba comprometido dunha maneira coherente e propia coa causa de mellorar Galicia, de axudar os paisanos, de os iluminar ao xeito da Ilustración. Non nos custa traballo, desde o seu temperamento apaixonado, imaxinar como pronunciaría estes discursos na máis que centenaria carballeira de Codeseda, de tantos bos recordos para min desde hai anos, por outra banda; e a súa igrexa, pois aquí estiven en xaneiro co Prof. Manuel Castiñeiras e con Jorge Fernández estudando e admirando os restos románicos que quedan, e a súa ábsida. E así mesmo un Barros Alemparte, devanceiro meu, foi párroco no século XVll, da "parroquia y coto de Codeseda".

7. Cequeril como núcleo, labor e descanso

Nas *Memorias del Arzobispado de Santiago* 1607, do Cardeal Jerónimo del Hoyo, con estudo preliminar e edición de Benito Varela Jácome –o meu lembrado mestre– e Ángel Rodríguez González (Santiago de Compostela: Porto, 1951), aparece, naturalmente, Santa María de Cequeril. Transcribimos:

"Tiene esta feligresía quarenta y cuatro feligreses. Los fructos se hacen dos partes, la una y un diezmero lleva el rector, que valdrá quarenta cargas de todo pan y la otra el Collegio de Santiago. Presentación de muchos legos. La fábrica tiene de renta dos ferrados y medio de centeno y cinco cabras y dos castrones y el censo de las dies".

O nome da parroquia procede exactamente do lugar de Cequeril, que ten 10 casas, e a principal, en arquitectura e importancia, secularmente, económica e social, de moi finais do século XVll, é, xusto, a chamada "Casa Grande da Eira". Nela campa na fachada o escudo do Capitán de Milicias Don Alonso de Barros Alemparte y Ruibal, casado con Dona Balthasara Correa Ferrón, filla de Don Pedro Correa Beloso, Comisario da Inquisición na Terra de Montes, que era oriúndo

da coñecida "Casa de los Correa", en Goián. Pertence á familia da súa dona. Esta casa foi o acollemento do noso arqueólogo ao longo de máis dunha ducia de veráns. Era o espazo idóneo para se achegar aos importantes xacementos do veciño Campo Lameiro, e a outros lugares, e realizar alí o rigoroso e magnífico traballo arqueolóxico, e despois diso regresar a esa casa non só para descansar, senón tamén a dedicarse á caza (dúas escopetas así o testemuñan) e á pesca. Non hai que descartar en absoluto a colaboración dos párrocos, mestres, médicos dos arredores, que desde a súa inquedanza o informarían das localizacións, dado, ademais, o seu prestixio persoal na súa Pontevedra natal. Desde logo, tamén, paisanos curiosos e coñecedores expertos dos xacementos, milenarios, dos petróglifos. Foi un comentario moi reiterado na miña familia que un verán, o día de San Ramón celebrou o seu santo na gran eira de pedra entre os dous hórreos con faroliños á veneciana. Así o contaba miña avoa.

Ata aquí chegáballe o correo diario con correspondencia oficial que tiña que asinar, dado o cargo que tiña de Director. O seu nome aparece na *Enciclopedia Espasa–Calpe.* Igualmente teño que lembrar que Cequeril aparece na *Gran Enciclopedia Gallega*, na *Enciclopedia Galega Universal* e na *Geografía del Reino de Galicia, 1936, provincia de Pontevedra*, escrita por G. Álvarez Limeses, e naturalmente, no *Mapa de las Parroquias de Galicia*, editado pola Universidade de Santiago.

8. O trío de ases

Ademais deste nome, podería referilos, nos tres arqueólogos, á imaxe dun triángulo escaleno, porque aínda que o legado de cada un non é igual aos outros dous, non por isto deixa de ser importante e insubstituíble, senón que é por completo coherente en si mesmo, e que forma con esta figura xeométrica unha brillante contribución insubstituíble á investigación arqueolóxica dos petróglifos. Velaquí:

Enrique Campo Sobrino (Pontevedra, 21 de setembro de 1890–2 de maio de 1911), con 16 anos foi nomeado Socio de Mérito da "Sociedad Arqueológica" de Pontevedra (1894–1937 /39), deixou arredor de 110 debuxos de petróglifos. En 1908 pertencía ao grupo folklórico "Aires da Terra" que dirixía D. Perfecto Feijóo, e, ademais de saber cantar, tamén declamaba; en 1909 foi nomeado por D. Antonio López Ferreiro delegado arqueolóxico coa misión de debuxar canto monumento encontraran, el e Enrique Mayer, para a "Exposición Regional Gallega"; a finais de 1909 e, xa en Madrid, descobre a única lápida romana existente daquela na Corte, e con ocasión deste descubrimento é nomeado por unanimidade Académico Correspondente da "Real Academia de la Historia", e tamén pola súa valía, erudición, extraordinarias aptitudes para o debuxo e a pintura, e inusuais dons, pois tamén tocaba o piano, cantaba e declamaba. En marzo de 1911 regresa enfermo a Pontevedra, e alí falece na súa casa.

Ramón Sobrino Buhígas (Pontevedra, 4 de abril de1888–Valladolid, 6 de xuño de 1946) recolle o flamante facho caído do seu curmán: "y como a él debo mi iniciación y entusiasmo en estos estudios, quiero recordarle al frente de este trabajo"... Cara a 1917 o noso arqueólogo reinicia o tema dos petróglifos, metade a petición

da "Sociedad Arqueológica", metade tamén por el mesmo, pois ademais debuxaba admirablemente, e estaba equipado con sólidos coñecementos para tan audaz, fecunda e dura empresa, e que culminou en 1935.

Ramón Sobrino Lorenzo–Ruza (Poio, 3 de marzo de 1915–Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 1959) continuou tamén o legado de seu pai, mais cun matiz moi importante: vai ser o seu continuador, pero non o seu seguidor, pois en 1952 aparece o seu traballo *Origen de los petroglifos gallego–atlánticos. (Crítica a la tesis de H. Obermaier)*, Universidad de Salamanca, que ata ese momento guiara as pautas na investigación, incluído seu pai. Equipado cunha envexable experiencia de ver a seu pai traballar en directo cos petróglifos, armado dunha bibliografía moderna, diversa e europea, con dúas carreiras de ciencias, sendo profesor de Debuxo Lineal na Escola Mestre Mateo de Artes e Oficios e sendo o Aparellador, por oposición, do Concello de Santiago de Compostela, preparado pois tecnicamente para o debuxo arqueolóxico, e cunha fonda vocación, vai culminar a historia da investigación dos petróglifos, ata 1960 aprox., de tal maneira que as súas teses seguen a ser actuais, e desde logo a valiosa visión que hoxe toda a sociedade ten dos petróglifos non sería a mesma sen ter existido o inmenso labor destas tres persoas, metade científicas, metade artistas e fotógrafos.

9. Coda

Cal é o petróglifo–icona de todos os que se coñecen en Galicia?

Percorrendo e examinando todas as existencias, reprodución e estudos, voume directamente ao labirinto de Mogor. Este trío de ases realizou unha magnífica angueira ao longo de 52 anos desde un labor incesante, calado e ilusionado.

E dou unha nova importante: A primeira vez que se debuxou foi en setembro de 1907, e fíxoo Enrique Campo; existen tres debuxos da súa autoría no Museo de Pontevedra. Cara a 1920 o seu curmán Ramón fixo tres debuxos, e un deles exhíbese no Centro de Interpretación de Campo Lameiro, onde eu contribuín para a súa exposición, por certo, e alí figura o meu nome nunha lápida. Nunha lámina do *Corpus* aparece unha lámina coa súa foto e unha moeda de Knossos. O seu fillo Ramón Sobrino volveuno debuxar a tinta e a lapis, e á súa importancia e enigma consagrou tres monografías: "Petróglifos e labirintos" (1951); "Los motivos del laberinto y su influencia en los petroglifos gallego–atlánticos" (1953) e "Ensayo de datación de los laberintos grabados europeos tipo Tagliatella" (1956). Publicados todos tres na *Revista de Guimarães*. O noso arqueólogo tamén reproduciu o labirinto de Mogor mediante a técnica de baleirado en xeso, peza que lle regalou ao Seminario de Estudos Galegos en 1928, e que se conserva actualmente no Museo de Pontevedra, onde estivo exposta. Tamén figurou na recente exposición titulada "Galaicos", celebrada no Museo Arqueológico Nacional en 2018, pero sen o nome del.

Consérvanse todos os clixés en cristal do *Corpus Petrogliphorum Gallaeciae* dentro dos seus sobres correspondentes e etiquetados. O Instituto de Estudos Miñoráns dixitalizou todos eles, e moitos máis, chegando a uns 550 ítems, aprox.

Igualmente o seu Arquivo persoal (cartas, recortes, artigos, separatas, libros, obxectos personais, debuxos, fotografías, etc) tamén se conserva na casa familiar de Cequeril (Cuntis).

Os clixés orixinais de toda a obra fotográfica de Ramón Sobrino Buhígas consérvanse en moi bo estado e os gardo eu no meu domicilio de Vigo; así como a totalidade dos clixés fotográficos de petróglifos do seu fillo Ramón Sobrino Lorenzo–Ruza, que suman cerca de 1676 ítems, e foron dixitalizados pola Asociación Cultural "A Rula", de Santiago de Compostela que está a preparar unha Exposición e un gran Catálogo.

Confluencia, consaguinidade, colaboración, cultura, cordialidade, conexións con outros sabios e arqueólogos, coincidencias, comunicacións a congresos, correspondencia abundante, teñen dado como feliz resultado os tres, e cada un na súa contribución, a unha obra de permanente valor e de segura referencia para as xeracións futuras.

A súa aplicación ao mundo científico co microscopio prepararíao despois cara a unha aguda orientación perceptiva dos detalles reveladores dos petróglifos. Madrid. Universidade Central. 1908

A súa participación na vida política na Galicia do seu tempo fixo que todas as súas diversas actividades converxeran nun círculo perfecto. Viviu nunha plenitude figurada. Padrenda. 1928. Ourense



A execución do debuxo arqueolóxico revélao como un membro destacado da escola creada pola "Sociedad Arqueológica" de Pontevedra. Labor "in situ" directa e fecunda

Exerceu tamén a Odontoloxía na súa casa da Rúa do Vilar, 67, 1d. De novo, o aprecio cara ao pequeno, pero significativo, que lle atraía por completo. Os dentes como elementos dunha significación científica serían clave para saber indagar nas pedras labradas e desgastadas

Firmada por el, trátase da primeira fotografía sacada a un petroglifo con intención científica e visión para unha catalogación. Laxe Grande de Montecelo. Coleción familiar



Os elementos do debuxo arqueolóxico son: vivencia, exactitude, vigor, colocación sabia, disposición aberta e concentración para unha "Acta" da realidade."Pedra Escorregadeira" da Raposeira 1924. Campo Lameiro"

Ramón Sobrino e Osorio–Tafall, xunto ao petróglifo de Mogor, ca. 1920. A icona estudada, fotografada, debuxada e publicada por Sobrino dálle valor de actualidade e acrecenta a súa sona

Interesante foto de escena de toda unha vida dedicada non só a estudar, ensinar e publicar, senón tamén a viaxar e xestionar en Madrid ou desde Madrid (véxase a matrícula, Xullo de 1930)

BIBLIOGRAFÍA

"Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra" (1953) Relatorio de Filgueira Valverde. *Congreso Nacional de Arqueología.*

"Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra.* Revista. Adicións sucesivas en anos posteriores.

DE LA PEÑA SANTOS, A. (1988) "Para una aproximación historiográfica a los grabados rupestres gallegos". J. M. Hidalgo Cuñarro e Fernando Costas Goberna (coord.) "Reflexiones sobre el arte rupestre prehistórico de Galicia". Arqueología divulgativa, 4: 7–40. Vigo: Asociación Arqueológica Viguesa.

DE LA PEÑA SANTOS, A. (1992) "El Grupo Galaico del arte rupestre". *Actas del Congreso Internacional de Gravants Rupestres i Murals.* Lleida: Instituto de Estudios Illerdenses.

DE LA PEÑA SANTOS, A. (1999) *Os petróglifos galegos.* Vigo: A Nosa Terra.

DE LA PEÑA SANTOS, A., GARCÍA ALÉN, A. (1980) Los petroglifos gallegos. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza. A Coruña.

DE LA PEÑA SANTOS, A., VÁZQUEZ VARELA, X. M. (1975) *Los petroglifos gallegos.* Sada: Edicións do Castro.

FRANCO GRANDE, X. L. (2019) "Farturento traballo calado". *La Voz de Galicia*, 25 de marzo.

MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (2019) "Sobrino Buhígas". *Faro de Vigo*, 10 de maio.

NÚÑEZ SOBRINO, A. (1988) "Ramón Sobrino Buhígas, la fecundidad de un investigador". *Diario de Pontevedra*, 17/18 de outubro.1988.

NÚÑEZ SOBRINO, A. (2017) "Ramón Sobrino Buhígas (1888–1946): materia y forma pétrea señalada y nombrada". *Anuario Brigantino*, 40. Betanzos.

Prehistoria de Galicia. Estado de la cuestión (1979). Lugo: Sección de Arqueología e Prehistoria. do IPSEG.

Prehistoria de Galicia (1970) Exposición do Instituto Padre Sarmiento. Santiago de Compostela.

"Petroglifos" (s.d.) *Voz da Gran Enciclopedia Gallega*. Silverio Cañada, editor.

"Petroglifos de la provincia de Pontevedra" (1953) Exposición. Museo de Pontevedra. Xullo. Baleirados en xeso de Ramón Sobrino Buhígas e debuxos de Enrique Campo Sobrino.

"Ramón Sobrino Buhígas. Arqueólogo e Naturalista" (1988) *Catálogo* da Exposición organizada no Museo de Pontevedra.

SOBRINO BUHÍGAS, R. (1935) *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

SOBRINO BUHÍGAS, R. (2000) *Seminario de Estudos Galegos.* Estudo preliminar de Ángel Núñez Sobrino. Tradución ao galego de Xosé Souto Blanco. Edición facsímil. Sada: Edicións do Castro.

ADRA

Nº14

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego Santiago de Compostela 2019



Etnografías em equipa do turismo. Reflexões sobre uma experiencia de trabalho de campo no Panamá. Xerardo Pereiro e Cebaldo de León • **Teño unha peza, teño un tesouro. A comprensión do patrimonio cultural dende a emoción do propio, nas aulas do Grao de Educación Infantil.** Begoña Bas López e Roberto García-Morís • **Apiarios na Costa da Morte: as lacenas.** Xesús García Devesa, David García San León e Manuel Vilar Álvarez • **Revisión, recompilación e adenda sobre o Couto Mixto.** María Isolina Luis Torres • **Ramón Cabanillas e Francisco Asorey, "vidas paralelas". Amizade fonda e traxectorias cruzadas.** Maribel Iglesias Baldonedo • **Antonio Fraguas e Xaquín Lorenzo, vidas un pouco paralelas, con perdón de Plutarco e de Caro Baroja.** Mª. Xosé Fernández Cerviño • **A vida nun sobre.** Gualteria Pintos Barreiro • **Antón Fraguas, Castelao e Florentina García, a rapaza que morreu de amor.** Patricia Arias Chachero • **Ramón Sobrino Buhígas (1888–1946): actualidade dun arqueólogo.** Ángel Nuñez Sobrino • **Unha nova ánfora nos fondos do Museo do Pobo Galego** David Fernández Abella, Erik Carlsson-Brandt Fontán e Fernando Acuña Castroviejo (†)